


Banda Deseñada

Novidades Sept. 2007

Biblioteca Pública da Coruña “Miguel González Garcés”

Relación de novidades en banda deseñada recibidas na biblioteca no mes de abril. Todas estas novidades poden atoparse na Sala de empréstimo de adultos, no primeiro andar da Biblioteca. Inclúense as súas signaturas



“ Magasin general 2. Serge ” de Loisel, Tripp..

Esta tragicomedia situada na provincia de Quebec trasládanos ós anos 20 do século pasado, o pequeno pobo de Notre-Dame-deas-Lacs, e móstranos o modo de vida dos seus habitantes. Pero todo cambia coa chegada dun forasteiro... **Signatura: COM LOI mag 1**

“ La guarida del horror ” de Corben, Margopoulos .


Richard Corben, e Rich Margopoulos, ofrecen a súa visión dos clásicos de Edgar Allan Poe. Cada adaptación está coidadosamente debuxada en branco e negro, coa escala de grises que só Corben é capaz de conseguir, e vén acompañada dos textos completos de Poe para que poidas comparalos . **Signatura: COM COR gua**



“Cash , I see a darkness” de Kleist.

Johnny Cash, o cantante de Country Todo un rebelde, un ídolo para fans de todas as xeracións que acabou convertido en lenda. Un libro que recupera o mito do intérprete de Man in Black e das cancións que marcaron unha época, as súas sesións nocturnas con Elvis, o concerto da prisión de Folsom... **Signatura: COM KLE cas**







“La sangre de los Porfirio 1. Soizik ” de Parnotte , Banac.

A finais do século XVIII, ao norte de Bretaña. A moza Soizik descobre o cadáver dun náufrago cunha pechina no pescozo. Tras esconde-lo seu tesouro, o colar desaparece. Querendo recuperalo, Soizik coñecerá a Gwémon, un adolescente que é o último sobrevivente da familia Porphyre. **Signatura: COM PAR san 1**

“Gus ” de Blain .

A vida no salvaxe oeste é moi axitada: mulleres, atracos, asasinatos e timbas de póker. O autor de Isaac o pirata, gañador do premio a Mellor Álbum en Angoulême 2002, volve á carga con esta nova serie, que revisa en clave de humor os tópicos do western máis clásico. **Signat: COM BLA gus**





“Historias del olvido” de Rubín, Lafuente, Roca ...

As vidas de nove personaxes entrecrúzanse ao longo de nove historias tecidas de diferentes xeitos ao redor dos esquecementos. Nove debuxantes achegan o seu particular estilo a esta obra coral ensinándonos un universo novo e suxestivo: o dos esquecementos e os seres que os xestionan. **Signatura: COM SAR his**

“Djinn” de Dufaux , Miralles .

Continúan as aventuras de Jade e o matrimonio Nelson en África. Kim Nelson, djinn e descendente de Jade, prosegue a viaxe en busca do seu pasado; unha viaxe que esta vez levaraa todo o máis profundo das selvas africanas, onde a liña que separa a realidade da lenda non está tan clara. **Signatura: COM DUF dji 6**



“Bolland Strips ! ” , Bolland.


Bolland Strips! é unha recompilación de historias curtas nas que Bolland -como único autor- desprega o seu lado máis persoal e bizarro con series como A Actriz e o Bispo e Mr. Mamoulian.

Signatura: COM BOL bol

“Escaparate ”, de Abel.

Os mozos, home e mulleres que poboan estas historias son obcegados, intelixentes, despistados, pragmáticos e perdidamente románticos. Enfróntanse a circunstancias que poden cambia-las súas vidas, a intentos de conectar con outros, á necesidade de irse de casa ou a unha amizade en crise .

Signatura: COM ABE esc



“Esas cosas ”, de Neel .


Julien Neel preséntanos un retrato tenro e sincero do seu pai e da súa relación durante a infancia, mesturando hábilmente realidade con ficción. Un prestidigitador. Un pai e un fillo. Unha viaxe. Un debuxante sen saber que contar. Ás veces, as historias de verdade están alí onde menos esperas.

Signatura: COM NEE esa

“Cielo XX.com4. MEMORIAS <20>00 ”, de Yslaire .

Un espléndido traballo gráfico e narrativo que confirma o talento extraordinario de Yslaire, que pecha con este volume un ciclo, un século e un imaxinario que lle levou á vangarda da novena arte, á beira de grandes autores como Enki Bilal.

Signatura: COM YSL cie 4



“Dracula ”, de Croci , Pauly.

Pascal Croci (Auschwitz) e Françoise-Sylvie Pauly abordan nesta obra todas estas preguntas e adaptan ao cómic a famosa novela de Bram Stoker, que aterrorizou e fascinado por igual a varias xeracións de lectores. Quen era Vlad Tepes? Cales son as orixes do monstro máis temido de Occidente? **Signatura: COM CRO dra**

“Piero” de Baudoin .

Trátase neste caso dun relato autobiográfico, no que Edmond Baudoin recrea os seus anos de infancia xunto ao seu irmán Pierre, Piero para os seus íntimos. Xunto a el, o mozo Momón (Edmond para os seus lectores) descubrirá a paixón polo debuxo. **Signatura: COM BAU pie**




“EX MACHINA 4. En pie de guerra”, de Vaughan, Harris.




Mitchell Hundred, o primeiro alcalde de Nova York con antecedentes e habilidades como superheroe, está afeito enfrontarse a criminais e ameazas terroristas, pero terá que mostrar a súa habilidade para sobrevivir a unha manifestación en contra da guerra de Iraq, que pode influír no seu futuro á fronte da cidade. **Signatura: COM VAU exm 4**

“Jon Sabre freelance 1.” de Grell.




Jon Sabre, a serie creada por Mike Grell, é un referente para o cómic de xénero negro, mesturado con grandes doses de aventuras e acción. Na xungla de asfalto, como na africana, os cazadores esperan baixo a Lúa, a ocasión de saltar sobre a vítima. Cando o Sol escóndese, os asasinosaen de caza. **Signatura: COM GRE jon 1**

“El informe 11-S”, de Jacobson, Colon.



O 11 de setembro do 2001 marcou un antes e un despois na historia moderna. Xunto coas Torres Xemelgas caeu unha visión do mundo e empezou outra. Baseado no Informe Final da Comisión Nacional de Ataques Terroristas nos Estados Unidos, narra as causas do atentado, como se planeou e executou. **Signatura: COM JAC inf**

OUTROS CÓMICS QUE APODAMOS NA SALA INFANTIL :



“Lost world”, de Tezuka.

¡Mamango, o planeta que se separou da Terra e partiu cara ao espazo, volve achegarse ao noso mundo logo dunha viaxe de cinco millóns de anos! ¡Como é a vida en Mamango vista polos valentes exploradores que arriscan a súa vida para conseguirlas poderosas pedras de enerxía que se ocultan nas súas entrañas!? **Signatura: COM TEZ los 1**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Delegación Provincial
BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA
MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS



Rede de
Bibliotecas de Galicia

Rúa Miguel González Garcés, nº 1
15008 A CORUÑA
Tfno./Fax: 981 17 02 18 - 981 17 02 19
http://www.rbgalicia.org
bppmgonzalezgarcés@xunta.es

